VAMOS BEBENDO

Teño tres pitas brancas
i un galo negro,
que han de poñer bós ovos,
andando o tempo.
I hei de vendelos caros
polo Xaneiro
i hei de xuntalos cartos
para un mantelo,
i heino de levar posto
no casamento,
i hei...
–Pos mira, Marica,
vai por un neto,
i antramentras non quitas
eses cerellos,
i as pitas van medrando
co galo negro,
para poñelos ovos
o todo aquelo
do Xaneiro, dos cartos
i o casamento,
miña prenda da ialma,
¡vamos bebendo!



VAMOS CORRENDO

Teño tres motos brancas
i un coche negro,
que han de pasar a I.T.V.
andando o tempo.
I hei de facer rutas
polo febreiro
i hei de xuntalos cartos
para un traxe moteiro,
i heino de levar posto
no casamento,
i hei...
-Pos mira, Maruxa,
vai por un grolo
i antramentras non subes
esas pendentes,
i as motos pasean
co coche negro,
para gañar diñeiro
o todo aquelo
do febreiro, dos cartos
i o casamento,
miña prenda da ialma,

vamos correndo!

OS MEUS CANCIÑOS

Teño tres cadelas brancas
e un can negro,
que han de coller boas perdices,
andando o tempo.
I hei de cazalas todas
cos cans correndo
i hei de alimentalos todos
e non vendelos,
i heinos de levar sempre
a pasear,
i hei...
I hei de levalos ao monte
a cazar,
i hei de levalos ainda
que chova,
non ten mal que os
cans non choran.
I hei de tratalos tan
ben como poda,
non coma as galiñas
que sempre chocan
¡ai,ai,ai..
meus canciños!